

ASOCIACIÓN PASENIÑO



MEMORIA AÑO 2024

¿QUEN SOMOS?



A **Asociación Paseniño** nace no **ano 2020** da loita diaria das familias de nenas e nenos con necesidades especiais da Costa da Morte. Crece coa unión, as ganas e o desexo dun mundo mellor para todos aqueles que o precisen. Busca a xustiza, a inclusión e a defensa da poboación máis vulnerable.



OS NOSOS FINS

- **DEFENDER** os dereitos e mellorar a calidade de vida das persoas con necesidades especiais dende os primeiros anos de vida.
- **FACILITAR** a integración das persoas con necesidades especiais e a súa capacitación para un pleno desenvolvemento.
- **INFORMAR** e colaborar coas familias creando unha rede de apoio.
- **PROMOVER** o recoñecemento da diversidade funcional e os dereitos fundamentais das persoas.
- **CONCIENCIAR** as Administracións Públicas para acadar melloras en educación, sanidade e integración.
- **PROCURAR** a autonomía e libre determinación de cada persoa en contextos de diversidade cultural.


A ASOCIACIÓN PASENIÑO

A Asociación de familias de nenos/as con necesidades especiais “Paseniño” é unha **entidade comarcal** que ten como obxectivo ofrecer ós nenos e nenas da zona uns **recursos específicos e de calidade, para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias**. Enmárcase nun **territorio predominantemente rural**, onde o acceso a terapias e actividades tanto específicas como inclusivas está **moi limitado**, tanto pola **escasa dispoñibilidade de centros** específicos como pola **dispersión** e o **nivel económico e social** da maioría das familias.



A Asociación Paseniño presta, actualmente, servizos a un total de **45 nenos e nenas con necesidades educativas especiais e as súas familias**, coas que mantemos un contacto continuado para valorar as súas necesidades, demandas e preocupacións e poñer en marcha servizos acordes a elas.

Actualmente contamos con un total de **200 socios e socias**, que apoian e facilitan que poidamos levar a cabo os distintos proxectos e accións que temos en marcha.



XUNTA DIRECTIVA

A **Xunta Directiva da Asociación Paseniño está composta** por:

PRESIDENTA: Alejandra Caamaño Pose

VICEPRESIDENTA: Anabel Piñeiro Freire

SECRETARIA: Úrsula Gómez Díaz

TESOUREIRA: M^a Consuelo Quintáns Trillo

VOCAL 1: M^a Yolanda Conde González

VOCAL 2: Gema López Valdomar

COMO NOS FINANCIAMOS?

Para levar a cabo as distintas actividades, Paseniño conta coas seguintes fontes de ingresos:



COTAS DE SOCIOS

Calquera persoa pode facerse socia da nosa entidade e colaborar co traballo que estamos facendo.



VENDA DE PRODUTOS

A venda de produtos é unha das nosas fontes principais de ingresos.



SUBVENCIONES

Solicitamos subvencións públicas para poder acadar os nosos obxectivos e complementar así os fondos propios, que non son suficientes para abarcar todas as necesidades do noso colectivo.



APORTACIONES PRIVADAS, DONATIVOS

As persoas que o desexan poden facer aportacións privadas e donativos de distinto tipo (material ou económico).



COLABORACIÓN CON EMPRESAS

Distintas empresas do entorno colaboran na consecución dos nosos obxectivos, por medio de donativos, produtos para venda, mercadillos solidarios...

QUE FACEMOS

As actividades que estamos levando a cabo para acadar os nosos fins son:



DEFENSA E REIVINDICACIÓN DE DEREITOS

Escoitando as demandas e reclamacións das familias e por medio de queixas, escritos, reunións... poñémonos en contacto coas persoas responsables para que os nenos e nenas con necesidades teñan garantidos os seus dereitos

ASESORAMENTO E REDE DE APOIO A FAMILIAS

Ó longo do ciclo vital as familias vanse atopando con distintas dificultades e necesidades (tanto a nivel xestións como emocionais). Dende Paseniño procuramos dar resposta, asesorar e apoiar compartindo experiencias e recursos.

FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Ó longo destes anos puxemos en marcha e participamos en xornadas de formación, charlas, cursos... para poder dar a coñecer o noso colectivo.

ACTIVIDADES INCLUSIVAS

Queremos que os nosos nenos e nenas participen na sociedade de xeito inclusivo. Para iso ó longo destes anos realizamos talleres en Nadal, campamentos inclusivos, cine...

ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS

Os nosos nenos e nenas precisan dunha atención terapéutica que favoreza o máximo desenvolvemento das súas habilidades e capacidades. A Asociación colabora no pago destas terapias para aquelas familias que o precisan.

ASÍ FOI O 2024

En 2024, a Asociación Paseño **ampliou e consolidou** as súas actividades para mellorar a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais na Costa da Morte. Impulsou accións de **sensibilización, formación e asesoramento** para familias, profesionais e a comunidade. Ademais, reforzou a **inclusión e a igualdade** de oportunidades, aumentando o seu impacto na sociedade.



ACTIVIDADES INCLUSIVAS E TERAPÉUTICAS

Ao longo de 2024, a Asociación Paseñoño **desenvolveu e participou en diversas actividades** orientadas á mellora da calidade de vida das persoas con necesidades educativas especiais.

Estas actividades incluíron proxectos de **terapia e rehabilitación, servizo de respiro**, xornadas de **sensibilización e eventos inclusivos** que favorecen tanto a inclusión social como a participación activa das familias.

O noso compromiso co benestar e a autonomía das persoas coa diversidade funcional impulsou a organización de espazos terapéuticos, deportivos e de lecer que favorecen o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, ao mesmo tempo que fortalecen a súa visibilidade e integración na comunidade.

Proxecto de terapias de rehabilitación

O proxecto de terapias de rehabilitación **cofinanciado coa Deputación da Coruña**, orientado á mellora da **autonomía e inclusión social** de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, estivo en funcionamento durante o 2024 en colaboración cos gabinetes da zona. O servizo incluíu terapias de rehabilitación para os nenos e psicoloxía para as familias, e foi moi ben recibido, cun total de **32 participantes**. Este programa tivo como obxectivo principal **apoiar economicamente ás familias** da comarca da Costa da Morte, que, debido á escaseza de centros públicos especializados, se ven obrigadas a recorrer a terapias privadas, cun alto custo que non todas poden asumir.



Servizo de respiro familiar

O Servizo de Respiro Familiar comezou en **decembro de 2024** grazas á subvención do **Programa de Cooperación da Xunta de Galicia**. Neste primeiro mes, participaron 20 familias, pero a previsión para 2025 é ampliar o programa ata, como mínimo, o dobre de familias e **incrementar os servizos** ofrecidos tanto para os nenos e nenas como para as súas familias.

Este primeiro mes do programa tivo unha acollida moi positiva, cunha **alta satisfacción** por parte das familias, que valoran especialmente o apoio recibido e o impacto do servizo na conciliación e no benestar dos seus fillos e fillas.

Para optimizar o seu funcionamento, está prevista a **contratación dunha persoa que coordine o programa** e garanta o seu máximo rendemento.

Este proxecto representa un avance clave para Paseniño, non só pola súa necesidade, senón tamén porque permite á entidade contar por primeira vez con persoal propio para a súa xestión.



Tramo do camiño de Santiago

A mediados de xullo, a Asociación Paseño participou no **X Camiño da Diversidade**, un evento organizado pola **Fundación Ingada** (Instituto Galego de TDAH e Trastornos Asociados), no que **Paseño colaborou activamente** coa organización e difusión da actividade. A xornada, de oito horas de duración, transcorreu desde a praia Langosteira de Fisterra ata o Faro de Fisterra, pasando polo Castelo de San Antón. Este evento foi **moi gratificante** para as familias e nenos/as de Paseño, que non só desfrutaron dunha **experiencia inclusiva e enriquecedora**, senón que tamén tiveron a oportunidade de coñecer a outras familias e nenos/as de diferentes localidades.

Un total de **15 persoas de Paseño** participaron no evento, que tamén incluíu a visita ao Museo do Mar e momentos de música galega, ademais da contemplación do mural "Mar de Diversidade".



Carreira solidaria

En xullo de 2024, a Asociación Paseño participou nunha **carreira solidaria** organizada pola Comisión de Festas Virxe da Xunqueira, dentro da I Festa da Primavera.

O obxectivo da nosa participación foi visibilizar a **diversidade funcional** e as **necesidades educativas especiais**, amosando a **importancia da inclusión nas actividades** deportivas e sociais.

Na carreira, que contou con diversas distancias, desde 400 metros para os máis pequenos ata os 3 km para adultos e nenos/as, participaron nenos e nenas de Paseño xunto co resto dos habitantes de Cee e arredores.

A xornada rematou cunha festa de po de cores, **celebrando a diversidade e promovendo un ambiente inclusivo e accesible** para todos e todas.



ASESORAMENTO E REDE DE APOIO A FAMILIAS

Este servizo ofrécese en Paseño **dende a creación** da asociación, estando dispoñible a través de **diferentes canles** como atención presencial na oficina, correo electrónico, teléfono e WhatsApp. Ao longo destes anos, este servizo tivo como obxectivo principal apoiar ás familias nas súas necesidades, tanto en **aspectos educativos como administrativos ou emocionais**, brindando orientación nas xestións diarias e axuda no desenvolvemento de estratexias para a crianza de nenos e nenas con necesidades educativas especiais. A través da experiencia das propias familias, compartíronse recursos e coñecementos adquiridos, proporcionando un apoio integral.

A partir de mediados de 2024, o servizo de asesoramento **conta con persoal especializado**, co fin de proporcionar un apoio máis técnico e profesional nos casos que requiren un enfoque máis profundo. Este novo reforzo permite dar **respostas máis especializadas** en áreas como a xestión de condutas complexas, a escolarización ou dúbidas legais, mellorando así a calidade do servizo prestado ás familias. Dende o 2024, dispoñemos dun formulario na nosa web, a través do cal as familias poden solicitar este servizo.

Os **resultados do servizo foron moi positivos**, incrementando cada ano o número de familias que solicitan apoio. No 2024, **un total de 35 persoas** solicitaron este servizo. A valoración das familias foi moi satisfactoria, destacando a utilidade e a accesibilidade do servizo para resolver dúbidas e mellorar a súa calidade de vida.



FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Durante o 2024 seguimos participando e organizando xornadas de formación, charlas, cursos...

A directiva da Asociación participou en **numerosas charlas e cursos**, tanto presenciais como online, para coñecer mellor o colectivo co que traballamos, para tecer redes e contactos cos que poder mellorar os servizos que prestamos, coñecer as realidades de outras persoas e entidades que traballan co mesmo obxectivo que nós...

No ano 2024 organizamos e ou participamos nas seguintes **xornadas de formación e sensibilización**:

Charla Marlene Horna (24 de maio de 2024)

Organizamos, en colaboración co CFR Coruña e o Concello de Cee, unha charla impartida por Marlene Horna, psicóloga, consultora e formadora especializada. A charla tivo **moi boa acollida tanto por familias como por profesionais** do sector, alcanzando a totalidade das prazas dispoñibles, cunha participación de **60 persoas**. A charla tivo unha duración de dúas horas, durante as que Marlene Horna compartiu **estratexias prácticas de apoio educativo para nenos e nenas con TEA** (Trastorno do Espectro Autista), ofrecendo recursos útiles para mellorar a intervención educativa.

A xornada resultou ser **moi enriquecedora**, permitindo un espazo para compartir coñecementos, recursos e experiencias, así como para poñer en común as necesidades e preocupacións das familias e profesionais que traballan con nenos con TEA.

A actividade destacou pola súa implicación práctica e foi valorada positivamente polos asistentes, reforzando a **colaboración e a formación** no ámbito da atención ás persoas con necesidades educativas especiais.



Charla Trastonos do neurodesenvolvemento e xenética (21 de setembro de 2024)

Organizamos unha charla impartida polo **Dr. Carracedo**, experto internacional en xenética, que abordou **o papel da xenética nos trastornos do neurodesenvolvemento**. O evento tivo unha **excelente acollida**, con máis de 170 persoas participantes, entre as que se incluían tanto **familias como profesionais do sector**. A charla foi de gran interese, permitindo aos asistentes aprender moito sobre un tema complexo, e tamén resolver dúbidas concretas que foron plantexadas ao longo da sesión.

A xornada tivo unha duración de dúas horas, e foi unha oportunidade para **profundar no impacto da xenética nos trastornos do neurodesenvolvemento**, un campo de gran relevancia para as familias e profesionais que traballan no ámbito da diversidade funcional. O Concello de Cee colaborou na organización do evento ao poñer á disposición un local para a celebración da charla, o que facilitou a participación dun público tan amplo.



I Encontro de familias Paseño (16 de novembro de 2024)

No mes de novembro Paseño organizou un **encontro para familias da Costa da Morte**, patrocinado pola **Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade** e co **apoio do Concello de Cee**. O evento centrábase nos desafíos e oportunidades da crianza de nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Contou cun **servizo de conciliación** e varias actividades, entre elas unha charla sobre as dificultades educativas e un espazo de intercambio de experiencias. No encontro participaron un total de **20 familias**.

Este evento serviu como **punto de conexión para as familias**, que compartiron inquietudes e propostas para mellorar a atención e inclusión das persoas con diversidade. As demandas incluían melloras no ámbito educativo, maior visibilidade das asociacións, unha oferta máis accesible no sector privado, e melloras no ámbito sanitario, social e na administración pública.

As familias expresaron sentirse **acompañadas e apoiadas**, destacando a importancia de encontros como este para avanzar na inclusión.

Paseño agradeceu a participación e reafirmou o seu compromiso en seguir sendo unha plataforma de encontro e apoio para as familias.



Papanoelada Solidaria (16 de novembro de 2024)

O 21 de decembro de 2024, Paseniño participou na **II Papanoelada Solidaria na Costa da Morte**, un evento creado para apoiar diversas asociacións da zona.

Este ano, de forma especial, recadaronse fondos para a **investigación do síndrome CDG**.

A xornada, que tivo lugar en Cee, contou cunha carpa, chocolate quente e o Mercado Solidario, onde vendemos produtos solidarios, como agasallos de Nadal, e informamos á sociedade sobre a nosa labor e a importancia da inclusión.

Este evento tamén foi unha excelente oportunidade para dar a coñecer a Paseniño e o noso traballo, achegándonos á comunidade e creando espazos de solidariedade.



Xogando pola inclusión (30 de xuño de 2024)

No mes de xuño participamos activamente no evento "**Xogando pola Inclusión**", organizado pola Comisión de Festas de San Adrian de Toba, en colaboración co Centro Impulso e Paseniño.

A xornada tiña como obxectivo **promover a inclusión e a igualdade a través do xogo**, ofrecendo actividades adaptadas para nenos e nenas con e sen diversidade. Entre as actividades realizadas houbo cabalos, pintacaras, inchables, xogos populares, e xogos sensoriais e de habilidade.

Este evento serviu como un **espazo de encontro e diversión**, onde os nenos e nenas puideron interactuar, compartir e vivir experiencias inclusivas, promovendo a integración e a visibilidade dos nenos e nenas con necesidades educativa especiais na comunidade.

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

Neste ano seguimos co programa de voluntariado da Asociación Paseño, no que participaron **10 voluntarios/as** que desempeñaron un papel fundamental no desenvolvemento de talleres e actividades.

A súa colaboración foi clave para ofrecer apoio directo aos nenos e nenas con necesidades especiais, **permitindo que tres deles puideran participar en actividades de ocio e deporte na comunidade**, promovendo así a súa inclusión e mellora da súa calidade de vida.

Ademais, o programa de voluntariado tamén contribuíu a **ampliar e mellorar o servizo de apoio e asesoramento ás familias**, grazas á participación de profesionais voluntarios con formación e experiencia no sector.

Estes voluntarios, ao traballar de maneira desinteresada, non só aportaron os seus coñecementos e habilidades, senón que tamén se beneficiaron dunha experiencia enriquecedora, reforzando os valores de inclusión e solidariedade na nosa sociedade. O voluntariado segue sendo un pilar fundamental para a nosa entidade, pois ademais de mellorar a atención e servizos que ofrecemos, fomenta unha rede de apoio mutuo que beneficia tanto ás persoas que reciben apoio como ás que o ofrecen, construíndo unha sociedade máis xusta e inclusiva.



DEFENSA E REIVINDICACIÓN DE DEREITOS

Un dos obxectivos principais da nosa entidade é traballar **pola defensa e reivindicación dos dereitos** dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais e as súas familias, durante este ano seguimos apoiando e defendendo a nosa labor, por medio de distintos actos.



Día da discapacidade (3 de decembro de 2024)

O 3 de decembro, conmemoramos o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, unha xornada dedicada á visibilización e sensibilización sobre a realidade das persoas con discapacidade e a promoción dos seus dereitos. Neste contexto, a Asociación Paseniño, xunto con outras entidades da Costa da Morte, organizou unha "paraguada" na praza 8 de Marzo en Cee. Este evento simbólico reuniu a persoas de diferentes colectivos baixo un paraugas, representando a unión e apoio mutuo para reivindicar un mundo máis inclusivo e diverso. As participantes levaron pancartas e materiais informativos para sensibilizar á comunidade sobre a importancia da inclusión, igualdade e acceso aos dereitos para as persoas con discapacidade. A actividade serviu para destacar a necesidade de fomentar unha sociedade máis xusta e inclusiva, onde as persoas con discapacidade poidan ter as mesmas oportunidades que o resto da poboación. A "paraguada" permitiu dar visibilidade ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade, ao mesmo tempo que promoveu a reflexión e a solidariedade entre as diferentes entidades e a comunidade. Estes actos contribúen ao empoderamento das persoas con discapacidade e á sensibilización colectiva, fomentando un maior compromiso social coa inclusión.



CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Levamos a cabo campañas de **sensibilización en datas sinaladas**: día do autismo, día da discapacidade... por medio das redes sociais e levando **accións conxuntamente** con outras asociacións do entorno e entidades locais.

Por medio das nosas redes sociais e a web da entidade **difundimos periodicamente información de interese** tanto para a sociedade en xeral, como para as familias que teñen nenos ou nenas con necesidades educativas especiais.



ACCIONES DE CONCIENCIACIÓN

Un ano máis reunímonos cos responsables dos colexios, ANPAs, e concellos da zona para dar a coñecer as nosas demandas e necesidades. Colaborando na posta en marcha de accións que favorezan a inclusión tanto social como educativa dos nosos nenos e nenas.



Concienciación e posta en marcha de mercados solidarios

Ao longo do ano 2024, seguimos participando en **mercados solidarios** co obxectivo de **difundir a nosa labor e visibilizar as necesidades** dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Nestes mercados, non só informamos á sociedade sobre o traballo que realizamos e o que é a diversidade, senón que **tamén vendemos produtos solidarios**. A recadación destes mercados permitiu financiar as actividades da nosa asociación, mellorando a calidade de vida das persoas que atendemos, e tamén apoiar outras causas solidarias.

Nos mercados solidarios, distribuímos trípticos informativos sobre a nosa labor e **sensibilizamos á sociedade** sobre a inclusión e a diversidade funcional. Ademais, vendemos produtos artesanais como pendentes, pulseiras, pins e chaveiros... A **recadación destas vendas contribúe á realización de actividades** que melloran a vida dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

En Paseño, estamos moi orgullosos do que facemos, e por iso temos unha serie de **produtos cos nosos logotipos e eslogan** (A diversidade é vida), para que cada persoa que os adquira poida sentirse parte deste fermoso proxecto e colaborar activamente coas nosas metas.



E moito máis...

- **Convenio co Concello de Cee:** asinamos un Convenio Regulador de Subvención Directa nominativa co Concello de Cee por un importe total de **1.000 €**, co obxectivo de seguir traballando na defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, facilitando a súa integración na sociedade e mellorando a súa calidade de vida desde os primeiros anos.
- **Recollida de Tapóns para Investigación sobre o Síndrome CDG:** lanzamos unha campaña de recollida de tapóns de plástico para apoiar a investigación sobre o Síndrome CDG, coa finalidade de financiar proxectos científicos que ofrezan novas esperanzas ás familias afectadas.
- **Uso respectuoso de prazas reservadas:** Paseniño recordou a importancia de respectar as señas de prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional.
- **Solidaridade con Valencia:** recollemos material no noso posto do mercado de Cee, para axudar na catástrofe producida en Valencia.
- **Participación na escola de Familias:** Atención á Diversidade no Sistema Educativo organizada pola ANPA do CEIP Vila de Cee. Nesta charla as familias de Paseniño informaron sobre como é a realidade da atención á diversidade nos centros educativos.
- Información ás familias sobre as **Axudas para Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo**, e outros recursos de interese para as familias da Costa da Morte.



PASENIÑO NA PRENSA

La Xunta y la Asociación Paseño estudian posibles vías de colaboración para mejorar la atención a personas con discapacidad

• La directora general Begoña Abellón se reunió hoy con miembros de esta entidad de La Costa da Morte



Diversión y colorido en la carrera de la Festa da Primavera en Cee

LA VOZ
CARBALLO / LA VOZ



beatriz bello

Más de cien personas participaron en esta iniciativa solidaria con Paseño

16 may 2024 . Actualizado a las 20:57 h.

PASENIÑO NA PRENSA



REDACCIÓN

08:41
25/11/24

As familias de Paseniño piden poñer o foco na falta de recursos e apoios para unha inclusión real

EMBAZO REPORTERÍA EMBAZO DIVERSIDADE FUNCIONAL ACTIVIDADES ESPECTACULARES PASENIÑO



REDACCIÓN

07:52
16/09/24

A Asociación Paseniño trae a Ángel Carracedo a Cee para falar de diversidade

EMBAZO CIENCIA CHARLA DIVERSIDADE PASENIÑO

**TRASTORNOS DO
NEURODESENVOLVEMENTO
E XENÉTICA**

RELATOR: Ángel Carracedo



Sábado, 21 de setembro



11 horas



Casa de cultura de Cee



APÚNTATE NA NOSA WEB!

www.pasenino.com



Teléfono Paseniño: 604 04 75 82



PASENIÑO NA PRENSA



La iniciativa en Bergantiños ayudará a Un paso máis, mientras que la ceense lo hará con Paseño

09 jun 2024 Actualizado a las 05:00 h.



ASOCIACIÓN PASENIÑO



Asociación de familias de nenos e nenas con necesidades especiais da Costa da Morte

